

# [TÍTULO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO]

Autor: [nome\_autor]

Titor: [nome\_titor]

Curso: [curso\_académico]

## I.Introdución

No procedemento de elaboración do traballo de fin de grao (TFG) quedou aberto o formato da memoria que o alumno terá que entregar para a súa avaliación perante o tribunal. O punto 41 de dito documento indica:

A memoria do TFG poderá redactarse en calquera dos idiomas oficiais da Universidade, ou en inglés por ser idioma universal no ámbito, e na súa estrutura haberá, ao menos, as seguintes seccións: introdución, obxectivos, resultados, conclusións e bibliografía. Na mesma farase especial fincapé nas aportacións do estudante.

Unha información máis precisa relativa ao procedemento de elaboración do TFG atópase dispoñible no anexo 1. No anexo 2 móstrase o estado da arte dos formatos de memoria, analizando as súas vantaxes e as súas desvantaxes. O anexo de estado da arte é obrigatorio en tódolos Traballos de Fin de Grao.

Previamente ao comezo da elaboración dos primeiros TFGs, convén ter claro como ten que ser a memoria que se vai pedir aos alumnos.

## II.Obxectivos

O obxectivo deste informe é presentar dun xeito práctico a alternativa de memoria para o TFG menos coñecida: o informe executivo. Este **informe** constaría de poucas páxinas, tentando introducirlo traballo e resumi-lo obxectivo, os resultados e as conclusións. No informe pódese facer mención a tantos **anexos** como sexan necesarios para desenvolver en profundidade aqueles aspectos que se consideren oportunos (cando menos a bibliografía, pero tamén poden engadirse, por exemplo, metodoloxía, resultados e conclusións).

## III.Resultados

O resultado do traballo de fin de grao debe ser unha memoria que exprese o traballo desenvolvido, tendo en conta cales son as competencias asignadas ao TFG, que son as que o tribunal terá que xulgar. Estas competencias móstranse no anexo 3.

No apartado de resultados, no informe, deberían aparecer aqueles resultados claves, e maila súa interpretación, deixando para un anexo tan amplo como sexa necesario, a presentación ordenada e comentada de táboas, gráficas, etc. que representen o conxunto de resultados do proxecto. A táboa I e a figura 1 amosan exemplos deste tipo de presentacións.

*Táboa I: Tamaños dos caracteres*

	Tamaño	Estilo
Título do Traballo de Fin de Grao	26	Maiúsculas, centrado
Autor e titor	18	Centrado
Títulos de seccións	14	Negriña
Texto normal	11	Xustificado ás dúas marxes
Título de táboa	11	Cursiva, aliñación á dereita, antes da táboa, numerada en romanos
Título de figura/imaxe/esquema	11	Cursiva, centrada debaixo da figura, numerada en arábcicos
Títulos de anexos	14	Negriña



*Figura 1: Exemplo de imaxe*

## **IV. Conclusións**

No tocante ao traballo de fin de grao hai dous condicionantes fundamentais:

1. O estudante ten que mostrar na memoria e na presentación e defensa que acadou as competencias incluídas na materia “Traballo de Fin de Grao”, do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación.

2. O tribunal ten que poder chegar ao acto de presentación e defensa cunha idea clara de cadanseu TFG. Isto implica ler unha ducia ou mais memorias, polo que un formato adecuado vai ser capital para que o tribunal poda cumpri-la súa misión con eficacia.

## **V.Bibliografía**

Neste apartado incorporáanse as diferentes fontes bibliográficas empregadas polo estudante para a realización do seu TFG.